

III Xunta de Galicia Campionato de Galicia de Clubs Master

A celebración desta competición estará condicionada á evolución da pandemia do COVID-19, ao estrito cumprimento da normativa vixente no momento da celebración da competición e das directrices establecidas polas autoridades sanitarias sobre as medidas de prevención, mitigación e protección no referente a minimizar os riscos de contaxio.

Art.1) A F.G.A. organiza o día 26 de xuño de 2021 o III Xunta de Galicia Campionato de Galicia Máster por Clubs en sede por determinar.

Art.2) Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos. Os clubs designaranse por estadillo de marcas da tempada 2018/19 dos atletas con licenza por ese club na tempada actual. O sistema de puntuación obtense puntuando as mesmas probas nas que se disputa a competición (valerá tamén o 5000 polo 3000, o 3000 e 10000 marcha polo 5000 marcha e as marcas en pista cuberta pola táboa de puntuación WA).

Art.3) A data límite para a presentación de estadillos é o luns 14 de xuño ás 12:00 horas. Os estadillos confeccionaranse cos mesmos criterios da competición en canto a atletas estranxeiros, atletas de clubs asociados e limitación de probas. O estadillo será por coeficiente en función da idade mediante a Táboa Máster Clubs Aire libre en formato Excel que será cumprimentada e remitida a todos os clubs.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do luns 21 de xuño do 2021..

Art.5) A competición realizarase a 1 atleta por proba e club. Cada atleta pode realizar dúas probas (dúas probas individuais ou unha proba individual e un relevo ou os dous relevos (**pendente de aprobación**)). Admítense 4 participacións de atletas estranxeiros en homes e 2 en mulleres (participacións, non atletas). Admítense 4 participacións en homes e 4 en mulleres de clubs asociados.

Art. 6) O programa constará das seguintes probas:

Homes: 100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, valados curtos, valados longos, altura, pértega, lonxitude, triplo, peso, disco, xavelina, martelo, obstáculos, 5000 marcha, 4x100, 4x400.

Mulleres 100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, valados curtos, altura, lonxitude, peso, disco, xavelina, 3000 marcha e 4x100.

Art.7) O número de intentos de cada atleta nas probas de concursos será de 4.

Art.8) O sistema de puntuación será establecido por postos: N puntos o primeiro por coeficiente de idade, N-1 ó 2º, así sucesivamente, sendo N o número de equipos participantes. No caso de empate entre dous (ou máis) atletas os puntos repartiranse entre ambos. Os atletas/equipos non presentados, retirados ou descualificados non puntuarán.

Art.9) Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados en categoría masculina e feminina, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.10) O Delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de relevos non se contabilizarán.

Art.11) O sorteo de rúas e orde de actuación comunicarse unha vez recibidos todos os estadiños e publicados os clubs admitidos.

Art.12) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante agás a pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

Art.13) Alturas dos listóns: Colocarase á altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permitan os saltómetros, ata continuar ca cadencia que se publicará co horario definitivo.

Art. 14) O horario publicarase en función dos equipos participantes.

Art. 15) Horario cámara de chamadas

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquera documento con foto)

Carreiras	7 m.	antes hora oficial da proba
Carreiras valadas	12 m.	“
Concursos (agás pértega)	20 m.	“
Pértega	30 m.	“

- *Cámara de chamadas: 5 m antes da saída á pista
- * Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada.
- * A homologación de artefactos de lanzamento pechará 1h antes do horario da súa proba.

Art.16).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.17).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.18) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2021), RFEA e WA.